



A III Asemblea da CGENDL celébrase mañá en Santiago co obxectivo de consolidar o seu labor a prol da normalización da lingua galega nos centros de ensino

No decurso desta asemblea, que ten lugar no IES As Fontiñas de Santiago de Compostela na mañá do sábado 5 de novembro, a Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística pretende consolidar a organización e afortala-la de cara a asentar o traballo nos centros educativos neste momento de regresión do uso da lingua no ensino que está a promover o actual goberno galego.

Neste terceiro encontro asembleario, a CGENDL fará unha posta ao día dos textos estatutarios para permitir un funcionamento máis áxil e pragmático do labor cotián, tanto como organización como de cara ao traballo diario nos centros de ensino. Así mesmo, presentarase o plano de traballo para o presente curso e os obxectivos xerais para os dous cursos seguintes, que terán como finalidade principal contribuír a xerar un discurso normalizador plural e integrador que chegue a todos os sectores do ensino e a sociedade galegas.

Asemade, procederase a reelección de Valentina Formoso Gosende como Coordinadora Xeral, que encabeza a única candidatura presentada ao Consello Directivo. Nesta candidatura ao renóvanse o 40% dos candidatos e apóstase por incorporar persoas de recoñecido prestixio no labor normalizador tanto nas coordinadoras comarcais como nas súas localidades e centros educativos.